

Informe de Acción de coordinación

***MÁSTER EN AVOGACÍA
(CAMPUS DE VIGO)
Curso 2021/2022***

Índice

<i>I. INFORMACIÓN XERAL.....</i>	<i>2</i>
<i>II. COORDINADORES/AS.....</i>	<i>2</i>
<i>III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....</i>	<i>2</i>
<i>IV. CONCLUSIÓNS.....</i>	<i>11</i>
<i>V. ANEXOS.....</i>	<i>11</i>

I INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster Universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Campus de Pontevedra e Campus de Vigo) e Facultade de Dereito (Campus de Ourense)
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/é participante/s	
Curso de implantación	2012/2013

II COORDINADORES/AS

Coordinador/a de o Título	Coordinadora: M ^a Antonia Arias Martínez Secretario: Tomás Farto Piay
Coordinadores/as de Curso (se procede)	

III ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

As actuacións de coordinación que se realizan no marco do Máster en Avogacía son fundamentalmente as seguintes:

- 1.- Reunións de coordinación no marco da Comisión Académica do Máster
- 2.- Reunión/comunicación entre a coordinación académica do Máster e o coordinador profesional
- 3.- Reunión/Comunicación entre a administración e o profesorado encargado de coordinar e impartir no Máster.
- 4.- Reunión/Comunicación co alumnado do Máster.

1.- REUNIÓN DE COORDINACIÓN NO MARCO DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER

Dentro da CAM realízase un intenso traballo de coordinación entre os representantes da Universidade e os representantes do Colexio de Avogados de Vigo. Entre as competencias que lle corresponden a este órgano destacan, segundo o disposto no Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Vigo, do 14 de maio de 2012 (modificado o 15 de xuño de 2020), as seguintes:

- Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento dos horarios de clases e titorías), velar pola dispoñibilidade de espazos (aulas, equipamento de videoconferencia, etc.).
- Seleccionar o alumnado admitido no programa.
- Emitir informe para o recoñecemento de competencias e a equivalencia de títulos estranxeiros de fóra do EEES.
- Formular as demandas de medios humanos e materiais, debidamente xustificadas.
- Seleccionar o alumnado para bolsas ou estancias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais do EEES baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación e remitilas ao centro para a súa aprobación pola Xunta de Centro segundo a normativa establecida.
- Elaborar e aprobar anualmente a Planificación Docente Anual (PDA).
- Aprobar anualmente o cadro de profesorado da titulación,
- Aprobar anualmente a relación de titores en prácticas segundo o seu horario.

Para facer efectivas as súas funcións de coordinación, a CAM mantivo un total de tres reunións durante o curso 2021/2022. As evidencias correspondentes ás cuestións tratadas e acordos adoptados sobre materias anteriormente citadas poden consultarse nas actas das devanditas reunións publicadas na páxina web do máster, á que se pode acceder a través da seguinte ligazón [http://avogaciavigo.webs.uvigo.es/ gl/información/comisión-académica/](http://avogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/información/comisión-académica/)

2.- REUNIÓN/COMUNICACIÓN ENTRE A COORDINACIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER E O COORDINADOR PROFESIONAL.

Tendo en conta o deseño do Grao, no Máster en Avogacía existe unha coordinación académica e outra profesional. De conformidade co disposto no citado Convenio de colaboración, son funcións da coordinación académica:

- Supervisar as guías docentes de cada un dos módulos formativos, elaboradas polos responsables das materias e revisadas polos coordinadores dos módulos, así como o seu correcto cumprimento ao longo do curso académico.
- Aprobar unha memoria anual na que se detalle cantas incidencias se produciron durante a impartición do programa formativo.
- Levar á Comisión Académica cantas propostas considere oportunas para o mellor funcionamento do plan de formación.
- Calquera outra resultante da normativa vixente na Universidade de Vigo ou do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, como derivada inmediata dalgunha das competencias que lle corresponden ao Centro.

Son funcións do coordinador profesional:

- Elaborar a proposta do Plan de Prácticas, e o seu calendario, para sometelas á aprobación da Comisión Académica.
- Propoñer á Comisión Académica o nomeamento de titores en prácticas.
- Aprobar unha memoria anual na que se detalle cantas incidencias se produciron durante a entrega do programa de prácticas.
- Coordinador Profesional coordinará os 30 créditos ECTS correspondentes ás prácticas externas. Para iso seleccionará os despachos, institucións ou entidades onde se desenvolvan, así como os titores e colaboradores que as dirixan. Determinará o plan detallado, calendario e cronograma das prácticas e establecerá os mecanismos de control precisos para verificar a súa correcta implantación e utilización, todo iso de acordo co establecido na Lei e no Regulamento de acceso, así como na memoria para a verificación do título de Máster.

Durante todo o curso mantense unha comunicación constante e fluída entre a coordinación académica e o coordinador profesional do Máster, Fernando Rubianes Santos, imprescindible, por outra banda, para conseguir unha adecuada organización do mesmo. No curso 2021/2022, como en cursos anteriores, a CAM delega en ambos coordinadores toda a xestión da prescrición e matrícula (listas provisionais, definitivas, etc.) do Máster. Sempre, de común acordo, resólvense cuestións concretas que xurdan durante o curso relacionadas tanto coa docencia correspondentes ao curso de formación como coas prácticas externas. Así mesmo, ambos coordinadores deseñaron conxuntamente os horarios e realizaron a solicitude de propostas temáticas de TFM ao profesorado (xuño de 2021).

3.- REUNIÓN/COMUNICACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN E O PROFESORADO RESPONSABLE DA COORDINACIÓN E DA DOCENCIA NO MÁSTER

Mantense constantemente unha relación fluída entre a dirección e o profesorado ao longo do curso, principalmente, a través do correo electrónico, que facilita o trato e dá maior fluidez e proximidade á comunicación.

A continuación, farase referencia a algunhas das cuestións que requiriron puntualmente o contacto entre a coordinación e o profesorado do Máster.

3.1.- Plan de Ordenación Docente curso 2022/23: Co profesorado implicado nas diferentes materias, abórdanse cuestións relacionadas coa programación das actividades docentes, en particular, a elaboración do POD do Máster. Todos os cursos, con carácter previo á aprobación da proposta de POD na CAM, envíase un correo electrónico á persoa responsable da coordinación de cada materia para que nos informe se vai haber cambios na organización docente do próximo curso ou pola contra, mantense a organización anterior (2021/2022). O 5 de abril de 2022 remitiuse un correo electrónico aos responsables da coordinación de cada materia solicitando información sobre as modificacións que, de ser o caso, afecten ao POD da materia obxecto de coordinación para ser aprobados na CAM correspondente.

3.2.-Guías docentes curso 2022/23: Ao longo do curso académico, como en cursos anteriores, mantívose unha relación fluída, principalmente a través do correo electrónico, entre os responsables da coordinación de cada materia e o profesorado. Esta coordinación ten como finalidade, fundamentalmente, organizar a distribución de contidos das materias, planificar as actividades docentes e de avaliación que cada profesor propón ao alumnado, así como unificar os criterios de avaliación entre o profesorado que imparte cada materia. Todo isto queda debidamente reflectido

nas guías docentes, que están aprobadas pola CAM e pola Xunta de Facultade. O 17 de xuño de 2021 solicítanse as Guías Docentes aos responsables da coordinación das materias. Neste correo electrónico transmítense as instrucións oportunas para a elaboración do mesmo (Anexo II).

3.3. Cronogramas curso 2021/2022: Cada materia impártese ao 50% entre profesorado da Universidade e profesores externos (avogados do ICA-Vigo), o que fai necesario establecer unha coordinación entre todos. Cada responsable da coordinación das distintas materias tivo que elaborar, conxuntamente e previa coordinación co profesorado universitario e externo da materia que coordina, o cronograma da materia. Estes cronogramas son enviados ao coordinador académico para a súa revisión. Posteriormente, o responsable da coordinación de cada materia publica na plataforma de teledocencia FAITIC para o coñecemento xeral do alumnado.

01-8-2021: Achégase un correo electrónico aos coordinadores da materia solicitando a programación das materias correspondentes ao primeiro cuadrimestre do curso 2021/22 modelo de correo electrónico enviado a un dos coordinadores).

19-01-2022: Envío dun correo electrónico aos coordinadores da materia solicitando a programación das materias correspondentes ao segundo cuadrimestre do curso 2021/22.

3.4.-Outras comunicacións co profesorado (por orden cronolóxico):

A) 08-10-2021 envío de correo con información relativa á data e condicións referentes ao inicio do curso 2021/22.

B) 08-10-2021: comunicación da asignación de TFM, Tribunais e datas de defensa.

C) 15-02-2021: comunicación inicio docencia segundo cuadrimestre.

4. - REUNIÓN/COMUNICACIÓN CON O ALUMNADO DO MÁSTER

Ademais da relación habitual e do contacto permanente entre o alumnado e o profesorado nas distintas materias do programa formativo e práctico do Máster, dende a coordinación, tanto académica como profesional, mantense unha comunicación constante e fluída co alumnado por iniciativa destes ou aqueles, tanto a través das reunións convocadas para tal fin como, sobre todo, a través do correo electrónico.

4.1.- Comunicacions para todo o alumnado do Máster (primeiro e segundo curso):

27-09-2021: Información sobre a Xornada "Debates sobre as restricións de dereitos fundamentais en situacións de emerxencia sanitaria. A Xestión da Covid-19", que terá lugar na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o xoves 30 de setembro.

15-11-2021: Información sobre a Xornada sobre Responsabilidade patrimonial desde una perspectiva práctica, que terá lugar na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o 12 de setembro de 2021.

4.2.- Comunicacions ao alumnado do segundo curso do Máster (faise referencia unicamente ás máis relevantes)

A) 2-09-2021: Recordatorio do prazo de matrícula para o alumnado de continuación. Infórmase que o prazo de matrícula para os estudantes que desexen continuar os estudos de Máster Universitario en Avogacía da Universidade de Vigo está aberto a partir do 27 de agosto e remata o 3 de setembro. Así mesmo, infórmase de que se no momento de formalizar a matrícula se fracciona o pagamento, hai que ter en conta que na data da proba de acceso (normalmente a finais de febreiro principios de marzo) poden ter cotas pendentes. Por este motivo, é recomendable consultar a opción de pagamento aprazado co persoal do servizo de posgrao (986130219 / 986130220).

B) 2-09-2021: Información sobre inicio, desenvolvemento e organización das prácticas externas.

C) 13-09-2021: Convocatoria de asignación de TFM. Achégase o cadro de temas proposto polo profesorado do máster para a elaboración do TFM e remítese a relación de alumnos que realizaron o primeiro curso do máster, ordenados por expediente académico de forma decrecente segundo as cualificacións obtidas no primeiro curso do máster.

Ademais, infórmase que a elección da materia de TFM realizarase por rigorosa orde de expediente o vindeiro 20 de setembro.

D) 10-01-2022: Recordatorio das datas de depósito e defensa de TFM e, así mesmo, da data de entrega da memoria de prácticas externas.

E) 21-01-2022: Recordatorio da documentación a entregar para a defensa do TFM.

F) 6-02-2022: Información sobre asignación de tribunais e hora de defensa.

4.3.- Comunicacions co alumnado do primeiro curso do Máster (faise referencia unicamente ás máis relevantes):

A) 8-10-2022: Primeira comunicación co alumnado do primeiro curso do Máster. Envíase un correo electrónico convocando ao alumnado para a celebración da Xornada de Benvida que se celebrará presencialmente o 14 de outubro na sede dos Xulgados de Vigo.

B) 14-02-2022: Comunicación comezo da docencia do segundo cuadrimestre de xeito presencial nas aulas do ICA.

C) 12-05-2022: Recordatorio da data de entrega da memoria de prácticas externas básicas.

4.4.- Reunións no marco do Plan de Acción Tutorial (PAT)

No marco do Máster Universitario en Avogacía-Vigo, tamén se aplica, nos seus aspectos esenciais, o Plan de Acción Tutorial aprobado pola Xunta de Facultade para todas as titulacións que se imparten no Centro. Por acordo da CAM do Máster Universitario en Avogacía, os responsables do PAT para o curso 2021-2022 seguen a ser a profesora María Teresa Martínez Táboas e o profesor Ángel Manuel Mariño de Andrés.

En cada cuadrimestre celebráronse dúas reunións conxuntas nas que os alumnos destacaron tanto os puntos fortes como os aspectos que se poden mellorar do Máster. Reunións celebradas no curso 2021/2022:

- Reunións correspondentes ao primeiro trimestre:

(i) 29-11-2021: O alumnado de ambos grupos suxiren que se utilicen as plataformas informáticas da Uvigo para a entrega de traballos e prácticas, así como para informar dos cambios de clase.

(ii) 11-02-2021: Nesta ocasión os tutores do PAT realizaron a tutoría a través de plataforma de teledocencia FAITIC abrindo un prazo, do 8 ao 12 de febreiro, para que os estudantes comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións. Finalizado o prazo os tutores non recibiron ningunha comunicación ao respecto.

- Reunión correspondentes ao segundo cuadrimestre:

(i) 27-04-2022: Nesta data foi un número moi reducido de estudantes os que acudiron a reunión por coincidir coa feira de emprego. Os tutores do PAT abriron un exercicio en FAITIC para que nun prazo de 48 horas subisen á devandita plataforma os comentarios que considerasen pertinentes. En primeiro termo fan referencia a certos problemas técnicos que se presentan na aula do ICA na que se imparte o Máster (poucos enchufes, pantalla na que se proxecta a presentación do profesor ten pouca calidade de visión). En segundo lugar, consideran necesario ampliar a docencia de procesar laboral e destacan o excesivo nivel das prácticas solicitadas na materia de dereito tributario.

(ii) 31-5-2022: Nesta ocasión os tutores do PAT realizaron a tutoría a través de plataforma de teledocencia FAITIC abrindo un prazo, do 31 de maio ao 8 de xuño, para que os estudantes

comunicasen a través deste medio as incidencias e/ou suxestións que estimasen pertinentes. Nesta ocasión manifestan, fundamentalmente, a súa protesta pola escasa ou nula valoración do esforzo daqueles estudantes que realizaron e entregaron as prácticas esixidas nas diferentes materias.

Todas as demandas e críticas postas de manifesto polo alumnado no marco do PAT foron analizadas no seo da CAM e acordouse que desde a coordinación se enviase un correo electrónico ao profesora co fin de advertir destas debilidades e establecer a posible solución. Así se fixo no correo electrónico enviado a todo o profesorado ao comezo do actual curso, co contido que se detalla a continuación:

“Estimadas/os compañeras/os:

El próximo 18 de octubre comienzan las clases del Máster en abogacía-Vigo. Como sabéis, los horarios los podéis consultar en

<http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/docencia/horarios/>

También tenéis la información relativa a la composición de los tribunales y fechas de defensa del Trabajo Fin de Máster en

<http://abogaciavigo.webs.uvigo.es/gl/docencia/trabajo-fin-de-master/>

La docencia se impartirá, durante el primer cuatrimestre, en la Facultad de Ciencias Xurídicas e do Traballo: Aula A-101 (grupo A) y Aula A-102 (grupo B). Los partes de control de asistencia, tanto del alumnado como del profesorado, estarán a vuestra disposición en el aula.

Aprovecho esta ocasión para daros traslado de algunas quejas y sugerencias manifestadas por los estudiantes, a través del Plan de Acción Tutorial durante el curso 2021-2022, con el fin de que, en la medida de lo posible, las tengamos en cuenta tanto a la hora de impartir la docencia, como de aplicar el sistema de evaluación previsto en la guía docente.

Concretamente solicitan:

- Orientación previa a la realización de prácticas sobre contenidos que no han visto en la carrera.*
- Uso de las plataformas de teledocencia (MOOVI) tanto para la entrega de los trabajos como para informar, con antelación suficiente, de los cambios de clase.*
- Valorar en la calificación final el esfuerzo de los estudiantes que realizan las tareas encomendadas.*
- Aplicar los porcentajes previstos en la guía docente a efectos de pérdida de la evaluación continua (no alcanzar el 75% de asistencia).*

Finalmente, os recuerdo que:

1.- La/el docente encargada/o de la coordinación de materia debe poner a disposición del alumnado, desde el primer día de clase, los respectivos cronogramas.

2.- La docencia debe ser eminentemente práctica (metodología del caso) ajustándose el desarrollo de la misma a los contenidos de las guías docentes.

3.- Si fuese de vuestro interés, en el siguiente enlace

<https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/empleo-publico/acceso-profesion-abogados>

podéis consultar las preguntas formuladas en las pruebas de acceso a la abogacía en los últimos años.

Por último, aprovecho para desearos buen comienzo de curso, agradeceros vuestra colaboración y reiterar que estoy a vuestra disposición para todo lo que podáis necesitar relacionado con el Máster.

Saludos cordiales”.

Por último, cómpre destacar que cada estudante conta cun titor académico e un titor profesional no desenvolvemento das dúas materias de prácticas externas que conforman o plan de estudos do título. Ambos realizaron un seguimento eficaz das prácticas e coordinaron o proceso de avaliación das mesmas.

5.- REUNIÓN/COMUNICACIÓN/COLABORACIÓN CON ÓRGANOS E UNIDADES ADMINISTRATIVAS DA UNIVERSIDADE

Tanto dende a coordinación académica do Máster como dende a secretaría da CAM mantívose un estreito contacto ao longo do curso, vía correo electrónico e telefónico, coas diferentes unidades administrativas da Universidade. Entre eles, cabe destacar a área de estudos de máster e doutoramento (matrícula, validación, actas, etc.), a Secretaría do Decanato da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (depósito e organización para a defensa do TFM) e a Xerencia da área de posgraio (consultas, dúbidas de xestión, modificación de actas, orzamento, etc.).

6. COORDINACIÓN ENTRE O MÁSTER EN AVOGACÍA VINCULADO Á FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO E O MÁSTER EN AVOGACÍA VINCULADO Á FACULTADE DE DEREITO (CAMPUS OURENSE).

A normativa de composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito de Ourense establece no seu artigo 3 que "A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC". Durante o curso 2021/2022 celebráronse dúas reunións. A primeira o 2 de febreiro de 2022 co fin de acordar a aprobación nas respectivas xuntas de Centro da declaración de interese en modificar o título do Máster en Avogacía co fin de adaptalo as previsións do regulamento, pendente de aprobación, da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pola que se modifica a Lei 34/2006, de 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais.

A segunda reunión tivo lugar o 22 de xullo de 2022. Nesta xuntanza analízanse os cambios que vai supoñer a integración da procura no Máster en avogacía pola Universidade de Vigo e ponse de

manifesto que se recibiu un informe realizado pola Conferencia de decanas e decanos das facultades de Dereito no que se realiza unha comparativa entre as competencias específicas dos másters en Avogacía e Procura tal e como se deseñaron no ano 2011 (Real Decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais), comparadas coas que figuran no proxecto de Real Decreto que inclúe o novo Regulamento sobre o acceso ás profesións da Avogacía e a Procura (ano 2022). Os membros desta comisión entenden que a posible integración dá procura non Máster supón a modificacións de algúns contidos no programa do máster e a dar entrada no profesorado a membros da procura, ou que significa ter que alterar a porcentaxe do profesorado que pertence á Universidade e ao ICA.

Así mesmo, cómpre destacar que a comunicación entre a dirección do Máster en Dereito-Ourense e a dirección do Máster en Dereito de Vigo e Pontevedra é constante. O medio de contacto habitual é o correo electrónico e, sempre que a urxencia do problema a tratar ou resolver o requira, a relación realízase vía telefónica.

IV CONCLUSIONES

As citadas actuacións de coordinación repítense en termos similares desde a implantación do Máster Universitario en Avogacía no curso 2012/2013.

Un curso máis cómpre destacar a relevancia singular que tivo o Plan de Acción Titorial ao longo deste proceso. Este instrumento permitiu coñecer de primeira man as deficiencias que padecen as actuacións de coordinación, organización e desenvolvemento do Máster e, en consecuencia, tratar de adoptar as medidas oportunas para corrixilas.

Por último, quero sinalar que o labor de coordinación do Máster estivo sempre apoiado na colaboración e o esforzo permanente do profesorado en xeral e, en particular, de quen ao longo do curso 2021/22 ocupou a secretaría da CAM, Profesor Tomas Farto Piay. Así mesmo, merecen un especial recoñecemento os profesores que, un ano máis, se ocuparon da realización do PAT no marco do Máster, a profesora María Teresa Martínez Táboas e o profesor Ángel M. Mariño de Andrés.

V. ANEXOS

Achéganse anexos das reunións/comunicacións realizadas